



Concello de
Vilagarcía de Arousa
Concellería de Cultura

Auditorio Municipal
Avda. da Mariña, 27
36600 Vilagarcía de Arousa
T 986 512 600
CIF: P/3606000 B
cultura@vilagarcia.es
www.vilagarcia.es

ENTROIDO 2017

FESTIVAL DE COMPARSAS

DOMINGO 26 DE FEBREIRO ÁS 17:00HS.
AUDITORIO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

BASES 2017

1.- Todas as comparsas que queiran participar no festival teñen que inscribirse na Concellería de Cultura, cubrindo para iso a folla de inscrición, que lles será facilitada alí mesmo. O prazo para a súa presentación será a partir do día 8 de febreiro e rematando o día 10 de febreiro de 2017 en horario de 8:30 hs. a 13:30 hs.

2ª.-Todas as comparsas teñen que estar formadas, como mínimo, por 25 persoas e farán entrega no momento da súa inscrición, do listado dos seus compoñentes indicando: nome, apelidos e nº D.N.I..

Os integrantes da cada comparsa só poderán participar, única e exclusivamente, nunha comparsa.

Así mesmo terán un/unha representante legal maior de idade, o cal asume a responsabilidade en caso de posibles reclamacións que puidesen producirse. Deberá entregar unha copia do seu D.N.I. no momento da súa inscrición.

3ª.- O festival contará coa participación dun máximo de 10 comparsas. No caso de superar esta cantidade, seleccionaranse pola súa orde de inscrición e con prioridade para as comparsas de Vilagarcía de Arousa. Deste xeito, a simple inscrición non garante a participación no festival, participación condicionada, pois á fin do prazo de inscrición e á confirmación definitiva pola organización do evento.



4ª.-No momento da inscrición deberán entregar tres copias das letras das cantigas que van interpretar, que deberán estar en galego

5ª.- As comparsas deberán estar nas instalacións do Auditorio, no horario que determine a organización co fin de proceder a súa actuación e, os representantes deberán estar provistos dunha fotocopia do D.N.I,

As comparsas terán un tempo de entre 10 e 15 minutos para faceren a súa actuación.

6ª.-: As comparsas que participen e pertencen o concello de Vilagarcía de Arousa percibirán unha compensación económica de 450€ e as restantes 300€, que se entregará o remate de cada actuación.

“Estas cantidades estarán suxeitos a retención do I.R.P.F., de acordo coa lexislación vixente”

7ª.- A participación e a sinatura da ficha de inscrición no Festival de Comparsas do Entroido Vilagarcía 2017 implica a aceptación destas bases.